



PROXECTO DE FOMENTO DO USO DO GALEGO

MEMORIA DESCRIPTIVA E GRÁFICA

EOI OURENSE


CURSO 2021-2022



ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE OURENSE

ACTIVIDADES REALIZADAS AO LONGO DO CURSO 2021-2022

1. **Mantemento e actualización do blog do EDLG.** O blog *Lingoreiteira*, creado a comezos do curso pasado, é accesible desde a páxina web do centro e serviu para dar visibilidade ás actividades do EDLG ao longo de todo o curso. Ademais, funciona como repositorio de recursos sobre a lingua galega, proporciona ligazóns a entidades e asociacións que promoven a lingua e a cultura galegas, da visibilidade a iniciativas a favor da dinamización da lingua, e difunde novas de tipo social e cultural que poden ser de interese para os membros da nosa comunidade educativa. O blog actualizouse regularmente ao longo do curso, cun mínimo de dúas entradas novas cada semana. O enderezo é <https://lingoreiteira-edlg-eoiou.blogspot.com/> e nel atoparanse referencias a todas as actividades que se describen a continuación. Velaquí unha imaxe:



2. **Celebración do magosto.** Para celebrar esta festa tan popular na nosa contorna e recoñecer a enorme riqueza de refráns, ditos e frases feitas que posúe a nosa lingua, convocouse a segunda edición do concurso de fraseoloxía e imaxe de outono, *Castañas de ouro*. As persoas participantes escolleron un refrán ou un dito en galego relacionado coas castañas, o magosto, o mes de santos ou o outono en xeral e explicaron brevemente, en galego, o significado da frase. Ademais, achegaron unha fotografía orixinal e indicaron por que lles parecía unha imaxe acaída para ilustrar esa frase. Por último, coa axuda do profesorado dos distintos departamentos, investigaron se existía unha expresión similar ou equivalente noutra lingua que se estuda na EOI ou propuxeron unha tradución. O traballo gañador foi premiado cun vale de 30 euros para adquirir material bibliográfico e

publicouse na páxina web da EOI e no blog do EDLG. Pode verse integramente na seguinte ligazón: <https://view.genial.ly/61b503f7c6b5ca0ddc7b98cf>.


Velaquí unha fotografía:



Custo da actividade: 30,00 € en vales de agasallo

3. Celebración do Samaín (en colaboración co Departamento de Inglés).

Aproveitouse a estreita relación da tradición galega do Samaín coa tradición anglosaxona de Halloween para organizar un concurso de microrrelatos de medo en colaboración co Departamento de Inglés. Baixo o título *Relatos espantosos / Spooky Short Stories*, creáronse tres categorías de relatos cunha extensión máxima de 100 palabras: relato en galego, relato en inglés e relato bilingüe. Un xurado formado por docentes de inglés e membros do EDLG escolleu un relato gañador para cada categoría, que foi premiado cun vale de 30 euros para unha librería local. Ademais, tendo en conta a calidade dos traballos recibidos, outorgáronse tamén dous accésit en cada categoría. Os relatos publicáronse na páxina web do centro e mais no blog do EDLG. Pode verse a presentación aquí: <https://view.genial.ly/618eda2cda47890e05b51eb7>. Este é o relato gañador en lingua galega:



Custo da actividade: 60,00 € en vales de agasallo

4. **Celebración do Nadal: Camisetas solidarias.** O EDLG escolleu o lema “Vives outra vida por cada lingua que falas,” baseado nun proverbio checo, e solicitou a colaboración de todos os departamentos didácticos para traducilo ás linguas que se estudan na EOI. Coa frase en galego rodeada das súas traducións ás outras linguas creouse o deseño para unha camiseta, empregando as cores do logo da EOI de Ourense. As camisetas imprimíronse nunha empresa local de serigrafía e vendéronse na EOI durante a semana anterior ao Nadal. A campaña publicitouse na EOI, na páxina web, nas redes sociais e no blog do EDLG. En menos de tres días repartíronse 104 camisetas entre toda a comunidade educativa e obtivéronse 493,80 €, que se doaron integramente ao Banco de Alimentos de Ourense. Deste xeito, as camisetas non só serviron para dar visibilidade á lingua galega e ao EDLG, senón tamén para recadar fondos para unha causa social.



5. **Concurso para deseñar un logotipo propio para o EDLG.** Ademais de utilizar os logotipos dos Equipos de Dinamización da Lingua Galega e da EOI de Ourense, considerouse que un logotipo propio contribuirá a reforzar a identidade do EDLG, e por tanto aumentará a súa presenza e visibilidade. Redactáronse as bases do concurso seguindo o modelo de concursos similares organizados por outros centros educativos e propúxose un premio único por valor de 100 €, unha cantidade relativamente elevada para atraer un traballo serio, co obxectivo de lograr un deseño de calidade que se poida empregar a longo prazo. O concurso convocouse no mes de xaneiro e recibíronse 30 propostas. Despois dunha segunda fase de selección, elixiuse o seguinte deseño nas súas dúas versións:





Custo da actividade: 100,00 € en vales de agasallo

6. Celebración do Entroido. Para conmemorar esta celebración tan arraigada na cidade e na provincia de Ourense, propuxéronse dúas actividades:

A. Colaboración coa asociación A Festa da Pita das Eiroás. Un representante desta asociación cultural ourensá visitou o noso centro para presentar a historia da festa e da máscara da Pita. A continuación levouse a cabo un obradoiro de artesanía para decorar unha parte das olas que se escacharon na xornada do Domingo Oleiro, na praza das Eiroás. Por último, dous membros da asociación vestidos co traxe da Pita recolleron as olas e outorgáronlle ao centro o recoñecemento de “Escola Amiga” da Pita das Eiroás. Incluímos a continuación varias fotografías das tres actividades:





Custo da actividade: 108,45 € en olas e material para o obradoiro

B. Exposición das personaxes do Entroido ourensán. Nos corredores da EOI publicáronse carteis impresos en cartón pluma con fotografías dunha selección de quince personaxes típicos do Entroido de diferentes localidades ourensás, como os boteiros, as pantallas ou os peliqueiros. Cada cartel incluía un código QR que daba acceso a artigos informativos e/ou vídeos sobre cada tradición. As fotografías quedaron expostas de forma permanente nunha vitrina situada no corredor do segundo andar.





Modificación do proxecto inicial: Esta actividade pensouse inicialmente como unha votación na que o alumnado escollería a súa personaxe preferida. Non obstante, a proximidade das datas do Entroido coas das probas libres impediu realizar esa segunda parte da actividade.



Custo da actividade: 59,30 € en reprografía


7. **Celebración do Día da Muller.** Para conmemorar esta data, propuxéronse dúas actividades, como se pode ver no cartel:



- A. Colaboración co Club de Lectura.** O EDLG e o Club de Lectura da EOI propuxeron a lectura conxunta da novela *As malas mulleres*, de Marilar Aleixandre, unha obra que recupera a memoria das mulleres recluídas no antigo cárcere da Galera, na Coruña, na segunda metade do século XIX. O 8 de marzo, o Día da Muller, a autora participou nun encontro presencial co alumnado no salón de actos da EOI, no que describiu o proceso de escritura da novela, contestou ás preguntas do público e, por último, asinou exemplares da obra.



Na súa conta de Twitter, a autora publicou o seguinte:



Custo da actividade: 85,50 € en exemplares da obra para a biblioteca


Modificación do proxecto inicial: Esta actividade continuaba inicialmente cun concurso de redacción sobre as “malas mulleres”, ou mulleres transgresoras que forman parte das nosas vidas. Non obstante, decidiuse substituír esta actividade por unha actividade conxunta para o Día do Libro que se describirá máis abaixo.

B. Espectáculo Máncasme Man, de Iria Azevedo. A actuación estaba prevista inicialmente para o día 9 de marzo, pero tivo que aprazarse ata o día 16 por motivos de saúde da actriz. O espectáculo, un monólogo no que a actriz recita e canta acompañada por un pianista, foi seguido por unha conversa co público sobre a orixe e o significado do texto e sobre as relacións tóxicas e como saír delas. A música e a iluminación conseguiron crear un ambiente diferente no salón de actos da EOI, transformado brevemente nun local nocturno, e inauguraron a volta ás actividades presenciais na Escola.



Custo da actividade: 320,00 € en remuneración dos artistas

8. **Celebración do Día do Libro 2022.** Con motivo do Día Internacional do Libro, o EDLG colaborou co Club de Lectura e con todos os departamentos didácticos da EOI para fomentar a lectura entre a nosa comunidade educativa. Creouse un espazo na aplicación *Flipgrid* no que os participantes podían gravar un vídeo para recomendar unha obra literaria e ler un fragmento da mesma. O EDLG sorteou un agasallo entre os participantes que recomendaron unha obra escrita en galego, que foron a maioría. Velaquí unha imaxe do resultado:



Custo da actividade: 30,00 € en vales de agasallo

9. **Celebración do Día das Letras Galegas 2022.** Para conmemorar esta data, na que se homenaxeou ao poeta Florencio Delgado Gurriarán, exiliado en México trala Guerra Civil, o EDLG decidiu poñer o foco na emigración galega. Inicialmente, a actividade íase chamar “Anacos da emigración” pero finalmente escolleuse o

nome “Galicia Infinda”, título da obra máis coñecida de Gurriarán, que é precisamente un canto á emigración. Para participar, pedíuselles a todos os membros da comunidade educativa que contasen as súas historias familiares da emigración a través dalgún obxecto que atopara o camiño de volta a Galicia: unha fotografía, unha carta, unha maleta, un vestido, un xoguete... Cada participante debía enviar un texto de non máis de 250 palabras e mais a fotografía do obxecto, se fose posible. O traballo gañador recibiu un premio por valor de 30 € e pode consultarse nesta entrada do blog do EDLG:

<https://lingoreteira-edlg-eoiou.blogspot.com/2022/05/ganadora-do-concurso-literario-galicia.html>

Este é o cartel que anunciaba a actividade:


LETRAS GALEGAS 2022



*Polo mundo espallados
van os netos dos celtas.
Dende a austral Buenos Aires
á parroquia labrega;
do New-York boligante
ás indianas ribeiras;
da pelica de touro
ata a China de lénda...*

Galicia Infinda
Florencio Delgado Garmezán

CONCURSO LITERARIO

Galicia Infinda



Fotografía Alberto Martí, CCG

Quen de nós non ten, ou tivo, unha persoa achegada na emigración? Gardas algún obxecto que che lembre esa persoa ou ese lugar? Unha fotografía, unha carta, un documento, un agasallo,...

Escrebe un texto breve (non máis de 250 palabras), en galego, no que contes a historia dese obxecto e, por tanto, da persoa coa que está relacionado. Se podes, inclúe unha fotografía.




Amanas de tinta, CCG

Envía o texto e a fotografía ao correo electrónico do EDLG (edlg.eoiou@gmail.com) antes do martes, 24 de maio,

Inclúe os teus datos persoais e a lingua e curso que estudas. Podes gañar un vale de 30 € para unha librería local.





Custo da actividade: 30,00 € en vales de agasallo

VALORACIÓN DOS RESULTADOS

Somos conscientes de que as características propias dunha Escola Oficial de Idiomas, como centro de ensinanzas especiais que atende maioritariamente a persoas adultas, non favorecen a participación do alumnado nas actividades que non sexan estritamente

lectivas. A diferenza dos centros de ensino primario e secundario, o noso alumnado asiste soamente a dúas sesións semanais de clase distribuídas nunha franxa horaria moi ampla (de 8.00 a 22.00 horas) e moitas veces ten dificultades para conciliar a asistencia coa súa vida laboral e familiar. Por este motivo, pode resultar difícil involucralo en actividades adicionais.

Non obstante, consideramos que o EDLG ten unha ampla visibilidade e as súas propostas acadan moita repercusión no propio centro, grazas á difusión realizada polo profesorado nas aulas, e tamén nas redes sociais, como o blog, a páxina web da Escola e as contas de Twitter e Instagram. Agardamos seguir a deseñar actividades atractivas que favorezan a participación de todos os sectores da nosa comunidade educativa, fomenten o seu coñecemento e aprecio da lingua galega e sirvan de estímulo para empregala en todos os ámbitos.

En Ourense, a 17 de xuño de 2022.

Asinado:

M^a Sandra Sanmiguel Sousa
Coordinadora do EDLG

Visto e prace:

Nancy Casielles Iglesias
Directora